

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 12 DE MAIO DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZASETE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **DOCE DE MAIO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- SUBVENCÍONS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvementos Sostible, Rexistro de Entrada de data 08 de maio de 2009, remitindo as seguintes denuncias feitas por axentes do Servizo de Conservación da Natureza contra:

- Denuncia con rexistro de Entrada 63509 de 27.04.09 contra D^o Luis Segade Quintillán por abandono do vehículo marca Opel, matrícula LU-2121-T.

- Denuncia con rexistro de Entrada 63512 de 27.04.09 contra D^o Luis Segade Quintillán por abandono do vehículo marca Opel, matrícula MA-6065-BD.

- Denuncia con rexistro de Entrada 63513 de 27.04.09 contra D^a M^a Begoña Dacal Iglesias por abandono do vehículo marca Citroen, matrícula M-1341-HB.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado destes escrito ós denunciados para que aleguen o que estimen oportuno ou procedan a retirada dos vehículos, en caso contrario iniciárase expediente sancionador.

1.2.- Escrito del Laboratorio de Análisis Clínicos F. Lema y J. Bandín, S.L., Rexistro de Entrada de data 08 de maio de 2008, remitindo informe de ensaio da auga da Fomnte de Brasil, axustándose nos parámetros analizados, a regulamentación do Real Decreto 140/2003.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.3.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 2161, de data 11 de maio 2009, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de abril de 2009 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
De Dios Soto Roberto	Rúa da Estación, 22-2-1B (Silleda)
Fernández Sánchez Miguel Angel	Rúa República Arxentina, 11-5 (Silleda)
Zazo Gontan Esther	Rúa progreso, 56-1ºB (Silleda)
Hermida de Marcos María Cruz	Rúa do Parque, 19-3ºB (Bandeira)
Pereira Sueli de Fátima	Rúa Progreso, 79-3ºB (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

1.4.- Escrito de Espina & Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 2168, de data 11 de maio de 2009, remitindo análise de control de auga correspondente á Billa de Consumidor - Rúa Mª Colmeiro, nº 42 (Silleda), con data da toma 27.04.09

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito e dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

1.5.- Escrito de Espina & Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 2170, de data 11 de maio de 2009, remitindo listado de abonados no Servizo Municipal de Augas de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito e dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

1.6.- Escrito de Dª Vanesa Andrea Morales Ocampo, Rexistro de Entrada nº 1302, de data 24 de marzo de 2009, en relación o acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data 02 de febreiro de 2009, no que se insta a Dª Vanesa Andrea Morales Ocampo a presentar copia do permiso de conducir obrigatorio para poder levar a cabo a transferencia da Licencia municipal de autoturismo clase B, nº 18, sendo a anterior propietaria Dª Ana Souto Rey.

Visto que pola peticionaria preséntase copia do permiso de conducir obrigatorio para esta clase de vehículos, con data de expedición 23.03.09 e válido ata o 21.06.09.

A Xunta de Goberno Local, vistos os antecedentes que obran no expediente, e de

conformidade co disposto no regulamento nacional dos servizos urbáns e interurbáns e transporte de automóbiles lixeiros, aprobado polo Real Decreto 763/79, por unanimidade acorda:

1º.- Autorizar a transmisión da licenza municipal de autoturismo clase B, nº 18, a favor de Dª Vanesa Andrea Morales Ocampo, con NIE nº X6314593N, o cal prestará o servizo co vehículo marca Mercedes Benz, matrícula 3409-DZY, previo pago da taxa correspondente.

2º.- Expedir o permiso local de conductor a favor de Dª Vanesa Andrea Morales Ocampo, condicionado a presentar a partir do 21.06.09 a renovación do permiso de conducir obrigatorio para esta clase de vehículos.

2º.- SUBVENCIONES.-

Non hai asuntos que tratar.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- “Mellora e acondicionamento de rúa Santa Olaia de Silleda” do Fondo Estatal de Inversión Local.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Dous, polo importe de 17.005,61 , correspondente a obra “Mellora e acondicionamento de rúa Santa Olaia de Silleda” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Construcciones Sangiao, S.A.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Dou da obra “Mellora e acondicionamento de rúa Santa Olaia de Silleda” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 17.005,61 , asinada polo Arquitecto Técnico Directora das Obras, Dº José Pereiras Sánchez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
30.04.09	6	Construcciones Sangiao, S.A.	17.005,61 <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

3.2.- “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes - Silleda” do Fondo Estatal de Inversión Local.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Dous, polo importe de 8.853,86 , correspondente a obra “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes - Silleda” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Construcciones Pereiro

y Campos S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Dous da obra “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes - Silleda” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 8.853,86 €, asinada polo Arquitecto Técnico Directora das Obras, Dº Luis Llorente Taboada.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
30.04.09	22/09	Construcciones Pereiro y Campos S.L.	8.853,86 €

3.3.- Dada a necesidade deste Concello de contratar o servizo para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “Técnico Auxiliar en Deseño Gráfico” (Plan F.I.P.).

O prezo do contrato ascendería á cantidade de 32.152,00 € (IVE incluído).

Dada a característica do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade, por todo elo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

RIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “Técnico Auxiliar en Deseño Gráfico” debido a que o concello carece de persoal e material propio para o seu desenrolo, por procedemento negociado sen publicidade.

SEGUNDO. Que pola Interventora emita informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar e sefaga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

TERCEIRO. Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

CUARTO. Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

4º.- **URBANISMO.-**

4.1.- Licencia de primeira ocupación.

4.1.1.- Con data 16 de abril de 2.009 presentouse por D. José M^a Rey López solicitude de licenza de primeira ocupación de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa Trasdeza número 72 de Silleda, adxuntando certificado final de obra de técnico competente.

Con data 5 de maio de 2.009 os Servizos Técnicos Municipais practicaron unha visita de comprobación, trala cal levantouse Acta de conformidade á ordenación urbanística aplicable, por D. Jose Antonio Presas Ferreiro en data 11 de maio de 2.009

De conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Conceder a licenza de primeira ocupación de de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa Trasdeza número 72, desta localidade, a favor de D. José M^a Rey López, titular da licenza de obras n.º 3171/06

SEGUNDO. Notificar a presente resolución ó interesado.

4.1.2.- Con data 28 de xullo de 2.008 presentouse por D^o. José Meda Costoyas, en representación de PROMOCIONES JOSÉ MEDA, S.L., solicitude de licenza de primeira ocupación de edificio composto de dúas plantas soto para garaxes e trasteiros, planta baixa para locais comerciais, catro plantas altas para 32 vivendas e planta baixo cuberta, sito Rúa Xeral, 51-53, Bandeira (Silleda), adxuntando certificado final de obra de técnico competente.

Con data 15 de abril de 2.009 os Servizos Técnicos Municipais practicaron unha visita de comprobación, trala cal levantouse Acta de conformidade á ordenación urbanística aplicable, por D. Jose Antonio Presas Ferreiro en data 27 de abril de 2.009

De conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Conceder a licenza de primeira ocupación para o edificio composto de dúas plantas soto para garaxes e trasteiros, planta baixa para locais comerciais, catro plantas altas para 32 vivendas e planta baixo cuberta, sito Rúa Xeral, 51-53, Bandeira (Silleda), a favor de D^o. José Meda Costoyas, en representación de PROMOCIONES JOSÉ MEDA, S.L. titular da licenza de obras nº 514/06.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución ó interesado.

4.2.- Dase conta do expediente promovido por D^a MÓNICA GONZÁLEZ SÁNCHEZ, en virtude de instancia nº 1863 de data 14 de abril de 2008, solicitando autorización para legalización das obras de construción dun nicho no cemiterio parroquial de Saidres, sito no lugar de Maragouzos, parroquia de Saidres (Silleda) segundo proxecto redactado polo Arquitecto Técnico D^o José Pereiras Sánchez.

Visto que remitido expediente a Consellería de Cultura e Deporte, dictouse resolución polo Director Xeral de Patrimonio Cultural en data 15 de abril de 2009, Rexistro de Entrada nº 2001, de data 30 de abril de 2009, non autorizando a intervención solicitada polo forte impacto que o muro traseiro causa sobre o contorno do ben protexido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda notificar a D^a Mónica González Sánchez a resolución anteriormente mencionada, os efectos previstos no artigo 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.3.- Licencias de Obra Maior.

4.3.1.- Examinado o expediente promovido por D^o JOSÉ LUIS OUZANDE QUINTEIRO, en virtude de instancia nº 231 de data 19 de xaneiro de 2009, solicitando Licencia para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, situada no lugar de Bazar, nº 33, parroquia de Abades (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto D^o Santiago Martín Romarís García, visado polo Colexio Oficial en data 07 de xaneiro de 2009 (VD085304,1), e cun orzamento de execución material de 200.000,00 □□□..

Visto o informe do Asesor Técnico Municipal, de data 12 de maio de 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 231/09 instada por D^o JOSÉ LUIS OUZANDE QUINTEIRO, para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, situada no lugar de Bazar, nº 33, parroquia de Abades (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica previa.

4.4.- Escrito de D^o LUIS ALVAREZ IGLESIAS, Rexistro de Entrada nº 2144, de data 11 de maio de 2009, comunicando que a edificación sita en Parada, no lugar de Eirexe, fronte a “Casa do partidor” con súa fachada principal cara o Noroeste, atópase en estado ruinoso, poñendo en perigo a integridade das edificacións anexas, os servizos de suministro eléctrico e os usuarios dos viais contiguos; polo que solicita as correspondentes xestións de comunicación e reparación ou demolición controlada, xa sexa pola propiedade do inmovible ou pola autoridade municipal competente, de modo que evite calquera posibilidade de derrumbe imprevisto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para que emitan informe e poder determinar si procede expediente de ruina.

4.5.- Actividades Clasificadas

4.5.1.- Licencia N° 7163/07. Visto o expediente instruído a instancia de D° MANUEL DOVAL MARTINEZ, solicitando Licencia de actividade de casa de turismo rural, a situar no lugar de O Marco, parroquia de Siador (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 22 de abril de 2009, (Rexistro de Entrada n° 2000, de data 30 de abril de 2009) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta SCD e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previo outorgamento da licenza de actividade deberá estar en posesión de informa favorable do xefe local de sanidade. Garantirase a potabilidade permanente da auga de consumo, ademais iniciará a tramitación perante o organismo augas de Galicia para a súa inscrición. A fosa séptica será homologada e con capacidade suficiente para o desenrolo da actividade. A saída de gases e fumes da cociña será ao cumio da edificación por conduto independente. Xestionará todos os residuos xerados pola actividade, segundo sexa a súa tipoloxía, con xestores autorizados conforme o disposto na normativa vixente.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas

reglamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.5.2.- Licencia Nº 3354/08. Visto o expediente instruído a instancia de D^a PATRICIA GONZÁLEZ VILLAR, solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a tenda de roupa, a situar na rúa República Arxentina, nº 7 baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 25 de novembro de 2008, (Rexistro de Entrada nº 6316 de data 09.12.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Traballará coas portas e ventás pechadas. Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica e en particular a ordenanza de rúidos do Concello de Silleda.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.5.3.- Licencia Nº 3563/08. Visto o expediente instruído a instancia de D^a YOLANDA GONZÁLEZ VALIÑAS, solicitando Licencia para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a café-bar, a situar na rúa República Arxentina, nº 11 baixo (Silleda)

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación

Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 25 de novembro de 2008, (Rexistro de Entrada nº 6319 de data 09.12.08) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previo outorgamento da licenza de actividade estará en posesión do informe favorable do xefe local de sanidade. Traballará coas portas e ventás pechadas e ventilación forzada. Instalará unha cámara separadora de graxas para as augas dos vertedoiros, co dimensionamento adecuado, previo ó entronque coa rede de sumidoiro. A saída de gases e fumes da cociña será ao cumio da edificación por conducto independente.. Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do Concello. Non superará os 80 dB(A) no interior do local segundo proxecto, e instalará limitador precintado para 70 dB(A) no equipo musical. Os equipos/dipositivos de ventilación/climatización estarán dotados de illamento acústico e elementos antivibratorios, contará con sistemas de ralentización da velocidade de saída do aire e situaranse lonxe de ocos e/ou ventás de vivendas próximas. Xestionará todos os residuos xerados pola actividade -conforme do recollido na normativa vixente- con xestores autorizados segundo sexa a súa tipoloxía, con xestores autorizados. Os aceites usados da cociña serán obxecto de recollida por xestor.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as dezaoito horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,